



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES REGULADORAS DA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a regulación da contratación dunha praza de auxiliar administrativo/a, de natureza non permanente, na modalidade de contratación laboral temporal, a xornada completa, para desempeñar funcións de carácter complementario ou instrumental nas diferentes áreas da actividade administrativa.

O contrato iniciárase o día 1 de abril de 2018 e rematará o día 31 de marzo de 2019.

As retribucións serán as establecidas segundo a dotación orzamentaria vixente.

2.- CONDICIÓNS E REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter cumprido os 16 anos e non superar a idade establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Así mesmo, estarase ó disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño (BOE do 17) pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bachiller reguladoras na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse o día en que remate o prazo de presentación de instancias e deberán presentarse nas oficinas municipais coa solicitude.

A persoa seleccionada deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de auxiliar administrativo/a.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá na realización das seguintes probas:

Proba de coñecementos: Consistirá no desenvolvemento por escrito de dous temas, elixidos por sorteo, baseados no temario que figura no Anexo I. A puntuación máxima deste exercicio será de 10 puntos, outorgándose cinco por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para pasar á proba práctica.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Proba práctica: Consistirá nun exercicio por escrito que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Cada aspirante procederá á lectura deste exercicio ante o Tribunal quen valorará os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos.

A fase de oposición realizarase a partir das 10:00 horas do día 22 de marzo de 2018, no concello de Mañón, continuando nos días sucesivos, ata o remate dos exercicios.

No caso de que o número de aspirantes declarados aptos polo tribunal de valoración fose superior ao número de postos de traballo convocados, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos cos aspirantes declarados aptos de igual puntuación ata eliminar aqueles que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

4.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

O Tribunal de valoración estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Dna. María Natividad Rubido Martínez, Traballadora Social do Concello de Mañón.

- Vogais:

Primeiro vogal: D. Emilio Piñeiro Hermida, Funcionario do Concello de O Vicedo.

Segundo vogal: Dna. María del Carmen Casás López, Auxiliar Administrativa do Concello de Mañón.

Terceiro vogal: Dna. María Valiña Garrido, Secretaria do Concello de Mañón, a cal actúa igualmente como Secretaria do Tribunal.

En caso de ausencia do Presidente, será substituído polo primeiro vogal.

5.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Quen desexe participar na oposición, deberá presentar instancia conforme ó modelo que figura no Anexo II, acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na segunda base, no rexistro xeral do concello de Mañón, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do concello de Mañón, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada ó enderezo electrónico correo@manon.es ou por fax ao número 981414151.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto dende o día 5 de marzo de 2018 ó 9 de marzo de 2018, ambos inclusive, en horario de 8,30 a 14,30 horas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, concedendo un prazo de emenda de cinco días naturais. Rematado o mesmo, publicarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. De non existir aspirantes excluídos/as a listaxe provisional elevarase a definitiva.

6.- NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e na normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

7.- IMPUGNACIÓN

As presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados/as nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I: TEMARIO

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura e contido. Os dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- A Administración Local. Entidades que comprende. O municipio: Organización, competencias e servizos.

Tema 3.- O Alcalde: Elección e atribucións. O Pleno e a Xunta de Goberno Local: Integración e funcións.

Tema 4.- O Acto administrativo: Requisitos, efectos, notificacións e publicación. Cómputo de prazos.

Tema 5.- O Procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e finalización

Tema 6.- O Procedemento administrativo: Capacidade de obrar ante as Administracións Públicas. Interesado no procedemento: Concepto e dereitos.

Tema 7.- Información e participación cidadán. Dereitos dos cidadáns.

Tema 8.- Persoal ó servizo das Administracións Públicas: Concepto e clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Código de conduta: Principios éticos e de conduta.

Tema 9.- Os bens das entidades locais: Clasificación, adquisición e alienación.

Tema 10.- Recursos das facendas locais: Clases. Ordenanzas fiscais. Taxas e prezos públicos.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO II: INSTANCIA

1. CONVOCATORIA

Corpo	Entidade convocante	Data convocatoria
Auxiliar Administrativo (Contratación Laboral Temporal)	Concello de Mañón	26-02-2018

2. DATOS PERSOAIS

DNI	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data nacemento	Nacionalidade	Correo electrónico	
Teléfonos de contacto	Domicilio		Código postal

3. TÍTULOS ACADÉMICOS

Esixidos na convocatoria
Outros títulos oficiais

4. DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade
- Copia cotexada da titulación esixida.

O/A abaixo asinante SOLICITA ser admitido/a ás probas selectivas á que se refire a presente instancia.

DECLARA que son certos os datos consignados, reunindo as condicións esixidas na convocatoria e MANIFESTA non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó emprego público, comprometéndose a comunicar á autoridade convocante calquera cambio que se produza en este sentido na súa situación persoal.

....., de de 2018.

Asdo.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mañón, con dirección Praza do Mesón, nº 1. 15337 – O Barqueiro. Mañón (A Coruña).

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas por Decreto N° 35/2018 de data 26 de febreiro de 2018.

Mañón, 26 de febreiro de 2018.

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Valiña Garrido